

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 29.03.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 43457 (10/POC-006889)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o deseño, execución, obxetivos e adaptación aos novos patróns de consumo do plan da CRTVG para promover o talento creativo e os proxectos dixitais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.2 44413 (10/POC-007108)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as razóns da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia para prescindir da profesional que viña presentando o programa informativo "Bos días" desde o ano 2017, así como as medidas que ofrece para facilitar a conciliación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019
- 1.3 45634 (10/POC-007291)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 4 máis
Sobre a información emitida pola TVG en relación coa manifestación levada a cabo o día 6 de febreiro de 2019, en Vigo, polos traballadores de Vulcano e doutras industrias auxiliares afectadas polo non pagamento das nóminas do estaleiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.4 47308 (10/POC-007513)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a cobertura e o tratamento informativo nos medios de comunicación públicos de Galicia das novas referidas ao Goberno socialista de España
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.5 47328 (10/POC-007519)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio



Sobre o contido e desenvolvemento do espazo da TVG "Land Rober"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

- 1.6 47736 (10/POC-007581)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
 Sobre as circunstancias que posibilitaron que a Corporación de RTVG
 estendese á TVG2 a emisión en HD prevista inicialmente só para a TVG
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 1.7 47743 (10/POC-007583)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
 Sobre a retransmisión da gala dos Premios María Casares na Corporación
 de RTVG e as demandas formuladas pola Asociación de Actrices e Actores
 de Galicia ao respecto
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 43457(10/POC-006889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o deseño, execución, obxetivos e adaptación aos novos
patróns de consumo do plan da CRTVG para promover o talento
creativo e os proxectos dixitais

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:52:33
Nº Rexistro: 43457
Data envío: 15/01/2019 09:52:33.819

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o plan da CRTVG para promover o talento creativo e os proxectos dixitais.

En outubro de 2018 o director xeral da CRTVG anunciou na Comisión de control dos medios públicos a intención da Corporación de desenvolver un plan de 100 proxectos de contidos audiovisuais para as novas canles de radio e televisión para difundir a través de Internet, dirixido a creadores novos, sen restar capacidade de produción e emisión nas canles tradicionais.

Os obxectivos, dixo, dese plan serían, “ incrementar a produción de contidos para esas novas canles en Internet; e acadar que eses novos creadores se formen para dar o salto fóra de Galicia: “o plan desenvolverase ao mesmo tempo que se renovan os contidos tradicionais da radio e a televisión que se difunden para Galicia e para as comunidades de galegos que viven noutras partes de Europa e América”.

Porén, na súa comparecencia a Dirección Xeral non afondou nin concretou a proposta, quer en relación ao prazo de tempo para o deseño e

CSM-REXISTRO-EZ5o9Tvm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:52:33
Nº Rexistro: 43457
Data envío: 15/01/2019 09:52:33.819

elaboración do devandito plan, quer aos recursos orzamentarios que a CRTVG destinará ao financiamento do mesmo, quer á materialización deses proxectos.

Nos últimos anos outras corporacións públicas da nosa contorna teñen desenvolvido proxectos innovadores que visan situar as súas canles e medios fronte aos retos que xorden dos novos patróns de consumo audiovisual, a necesidade xerar contidos específicos para os públicos máis novos (especialmente *millenials*) e explorar novas linguaxes audiovisuais.

A modo de exemplo atopamos *PoliAmor*, unha serie de TV3 estreada en novembro de 2018 e emitida integramente a través Instagram; ou *Playz*, a plataforma de contidos dixitais transmedia de RTVE lanzada en 2017.

Tamén no ámbito das televisións privadas están a traballar nesta dirección. Neste senso, Atresmedia e Mediaset crearon as canles online Mtmad (2016) e Flooxer (2015).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Ten deseñado a CRTVG o anunciado plan de 100 proxectos de contidos audiovisuais para as novas canles de radio e televisión para difundir a través de Internet?
- En que consistirá? Como se materializarán eses proxectos e con que obxectivos?

CSX4 REXISTRO-EZ-Sky9Tvm-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:52:33
Nº Rexistro: 43457
Data envío: 15/01/2019 09:52:33.819

- Que período de tempo abranguerá o seu deseño, elaboración e aplicación?
- Terá en conta a CRTVG os novos patróns de consumo e as mudanzas que estamos a vivir no desenvolvemento dese plan? De que maneira?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 09:51:54

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 09:51:59



CSM, REXISTRO-EZ-Sky9Tvm-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:52:33
Nº Registro: 43457
Data envío: 15/01/2019 09:52:33.819

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 09:52:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 09:52:02

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 09:52:04

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 09:52:05

CSX4 REGISTRO-EZSky9Tvm-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 44413(10/POC-007108)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da Dirección da Corporación Radio e
Televisión de Galicia para prescindir da profesional que viña
presentando o programa informativo "Bos días" desde o ano
2017, así como as medidas que ofrece para facilitar a
conciliación

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44413
Data envío: 23/01/2019 14:37:08.411



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

A semana pasada Ana Pérez comunicaba a súa incapacidade por motivos de conciliación para asumir as novas esixencias da dirección da CRTVG e a decisión da compañía de prescindir da súa presenza no informativo Bos Dias que viña presentando desde o 2017.

Unha decisión unilateral por parte da compañía que non foi acompañada de ningunha proposta para poñerse á fronte de calquera outro espazo, polo que despois de 23 anos diante das cámaras, esta profesional reincorpórase ao traballo a pé de rúa.

Cómpre sinalar que Ana Pérez é unha das xornalista que leva 34 semanas vestíndose de negro cada venres e defendendo uns medios públicos sen inxerencias políticas, independentes, plurais, honestos, a dúbida, a xulgar por feitos previos, parece clara, ten a decisión da dirección da CRTVG algo que ver con esta posición reivindicativa?

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que motivos explican que se prescindida de Ana Pérez para presentar o Bos días?

CSM - REXISTRO-XER-18B-Q2PE-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Registro: 44413
Data envío: 23/01/2019 14:37:08.411



2.ª) Que medidas ten a compañía para facilitar a conciliación?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 14:33:19

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 14:33:26



CSX REGISTRO-49MBCq2PE-6

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45634(10/POC-007291)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 4 máis

Sobre a información emitida pola TVG en relación coa manifestación levada a cabo o día 6 de febreiro de 2019, en Vigo, polos traballadores de Vulcano e doutras industrias auxiliares afectadas polo non pagamento das nóminas do estaleiro

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Anxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Perez, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García e Luis Villares Naveira deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

O pasado 6 de febreiro celebrouse unha manifestación en Vigo dos traballadores de Vulcano e doutras auxiliares afectadas polos impagos de nóminas do estaleiro vigués. Esta manifestación foi recollida pola CRTVG que no seu informativo relatava literalmente “Na manifestación, o cadro de traballadores estivo apoiado polo sector, partidos políticos e cidadáns, que os acompañaron durante o percorrido desde a factoría en Teis ata a Delegación da Xunta.”

Unha vez mais a canle pública galega prefería ocultar que partidos apoiaban a marcha ou incluso que membros dos mesmos participaron, entre outros estaban presentes varios deputados de En Marea, o portavoz da Marea de Vigo no concello e o candidato do BNG. Pero a TVG na súa estratexia de manipulación da realidade preferiu subliñar unicamente a presenza de representantes de partidos políticos, cando no mesmo telexornal se fai referencia a outra manifestación, esta si coas siglas dos partidos que apoian.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario de **En Marea** formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:37:30
Nº Rexistro: 45634
Data envío: 07/02/2019 13:37:30.821

Considera necesaria a canle pública continuar na súa deriva de ocultación e manipulación da realidade, co único obxectivo de favorecer ao PP e o goberno Feijoo?

Que mecanismo utiliza a canle pública de forma habitual, para decidir cando se informa ou non de quen participa nunha manifestación?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Carmen Santos Queiruga
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 13:36:33

Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 13:36:42

Carmen Santos Queiruga na data 07/02/2019 13:36:49

Antón Sánchez García na data 07/02/2019 13:36:56

Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 13:37:03



CSV: REXISTRO-XZALOTd4

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47308(10/POC-007513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a cobertura e o tratamento informativo nos medios de
comunicación públicos de Galicia das novas referidas ao
Goberno socialista de España

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:30:04
Nº Rexistro: 47308
Data envío: 06/03/2019 10:30:04.997

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 41 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros parciais do mes de novembro, e as dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.

O 25 de maio de 2018, o Grupo Parlamentario Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha moción de censura ao Goberno de Mariano Rajoy, despois de que a Audiencia Nacional sentenciase que o PP se beneficiou dun esquema de subornos ilegais para contratos do caso Gürtel. Os tribunais confirmaban así, en primeira instancia a existencia dunha estrutura de contabilidade e financiamento ilegal que se desenvolveu en paralelo coa oficial desde o momento da fundación do partido en 1989. A Audiencia Nacional, na sentenza, argumentaba que o PP axudou a establecer “un sistema xenuíno e efectivo de corrupción institucional a través da manipulación da contratación pública central, autonómica e local”. Doutra banda, considerou que Rajoy non fóra “veraz” coma testemuña durante o xuízo.

Estes oito meses e medio de Goberno de Pedro Sánchez, que comezaron o pasado 2 de xuño tras gañar a primeira moción de censura da historia da democracia española, estiveron marcados pola reversión dos retallos levados a cabo pola dereita durante os peores anos da crise económica, e a recuperación de dereitos sociais.

O presidente do Goberno anunciou o pasado 15 de febreiro, despois de non lograr os apoios suficientes para aprobar os Orzamentos do Estado para o ano 2019, que as eleccións xerais se celebrarán o vindeiro 28 de abril.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:30:04
Nº Registro: 47308
Data envío: 06/03/2019 10:30:04.997

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera que a cobertura que fan os medios de comunicación públicos galegos das novas referidas ao Goberno socialista de España, se realizan con criterios de obxectividade e pluralismo político?
2. Cre que o Goberno de Pedro Sánchez recibe o mesmo trato na CRTVG, que o que recibía o anterior executivo de Mariano Rajoy?
3. Cre que hai manipulación informativa na radio e televisión públicas galegas, sobre a xestión levada a cabo durante estes oito meses polo Goberno socialista de España?
4. Cales cre que son os motivos das numerosas queixas que acumula a CRTVG por manipulación informativa e falla de pluralismo político e social?


Pazo do Parlamento, 06 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2019 10:29:05

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2019 10:29:11



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47328(10/POC-007519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o contido e desenvolvemento do espazo da TVG "Land
Rober"

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:22:49
Nº Rexistro: 47328
Data envío: 06/03/2019 11:22:49.191

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 41 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros parciais do mes de novembro, e as dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.

Dende o Grupo Socialista vimos detectando dende hai tempo, comentarios machistas, sexistas, e imaxes estereotipadas das mulleres no programa da TVG Land Rover.

Ademais, este espazo que ten moita audiencia, está servindo como ben sendo habitual noutros programas dos medios de comunicación públicos galegos, como un instrumento máis ao servizo do PP. De feito, o pasado xoves 14 de febreiro, Feijoo “entrou” en directo por teléfono, para falar co recente gañador dun Goya como director de reparto, Luis Zahera, a quen o presidente da Xunta de Galicia non reconecera cando asistira ao plató do programa conducido por Roberto Vilar en setembro de 2016. Feijoo tamén aproveitou a conversa que mantivo para criticar ao alcalde Vigo, Abel Caballero.

CSV: xarCqRq6OU1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:22:49
Nº Registro: 47328
Data envío: 06/03/2019 11:22:49.191

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre a CRTVG que no espazo da TVG *Land Rover* se fan comentarios machistas e sexistas que atentan contra a dignidade das mulleres?
2. En caso afirmativo, que medidas ten previsto tomar?
3. Considera a CRTVG que no programa Land Rover se mantén o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer en todos os espazos dun medio de comunicación público?


Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2019 11:10:24

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2019 11:10:30



CSX: sCtR9gOU1
Verificado
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 47736(10/POC-007581)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as circunstancias que posibilitaron que a Corporación
de RTVG estendese á TVG2 a emisión en HD prevista
inicialmente só para a TVG

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:25:46
Nº Rexistro: 47736
Data envío: 13/03/2019 18:25:46.631

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Rodríguez Pérez e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG**.

O 2018 foi un ano decisivo para o futuro da CRTVG, no que se levou a efecto o ansiado proxecto de dixitalización da corporación. Un cambio de tecnoloxía que implicou a reorganización da súa estrutura, que afectou a todos os procesos internos, que supuxo a adaptación da CRTVG a unha nova dinámica produtiva no marco da dixitalización e que tivo que realizarse co reto engadido de manter intactas as emisións, para o que foi necesario habilitar unha redacción de informativos temporal.

A implantación do novo sistema de produción dixital foi un proceso altamente complexo, resultado de varios anos de traballo previo e que, tal e como informou o director xeral en sede parlamentaria, foi posible grazas á boa saúde económica e financeira que ven rexistrando a corporación nestes últimos anos, imprescindible para afrontar un investimento superior aos 12 millóns de euros.

Este proceso de modernización tecnolóxica culminará co lanzamento da emisión en Full HD, prevista para este ano 2019. Previamente, tal e como xa ten informado a corporación, habilitarase a emisión en HD. O salto á alta definición ía afectar, inicialmente, só á TVG. Pero na última comisión de control á CRTVG, o director xeral da corporación informou dun novo impulso ás canles de televisión cunha estratexia de dixitalización máis ambiciosa, de forma que tamén a TVG2 emitirá en HD. Tanto a TVG como a TVG2 iniciarán a súa nova andaina en alta definición a un tempo e, segundo os prazos feitos públicos pola corporación, será neste mes de marzo.

Desta maneira, segundo confirmou o director xeral na comisión celebrada no mes de febreiro, a galega pasará a ser a única televisión con máis dunha canle en España que emite toda a súa oferta televisiva en alta definición. Ao mesmo tempo manterase a emisión en calidade estándar para seguir garantindo o cumprimento da misión de servizo público no conxunto da poboación, tamén entre aqueles que non dispoñen de equipos compatibles coa calidade HD.

Así, a CRTVG equipararase aos estándares de calidade de imaxe doutras canles de televisión pero sen limitar esa estratexia de mellora á súa canle principal, favorecendo que a totalidade da programación sexa visualizada cos máximos estándares de

CSM - Servizo de Información
Comunicación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 18:25:46
Nº Rexistro: 47736
Data envío: 13/03/2019 18:25:46.631**

calidade e igualando as súas posibilidades, situando as dúas cales de televisión na mesma posición de privilexio técnico.

Por todo o exposto anteriormente, e tendo en conta o alcance e a relevancia dos cambios na estratexia de difusión en HD.

Polo expostos, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que circunstancias posibilitaron que a corporación estendese á TVG2 a emisión en HD prevista inicialmente só para a TVG?

Santiago de Compostela, 13 marzo de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/03/2019 18:24:01

Maria Antón Vilasánchez na data 13/03/2019 18:24:16


Rosa Oubiña Solla na data 13/03/2019 18:24:26

Jaime Castiñeira Broz na data 13/03/2019 18:24:49

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/03/2019 18:24:55

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/03/2019 18:25:04

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/03/2019 18:25:12



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 29.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 47743(10/POC-007583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a retransmisión da gala dos Premios María Casares na
Corporación de RTVG e as demandas formuladas pola Asociación
de Actrices e Actores de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47743
Data envío: 13/03/2019 19:13:12.202

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a retransmisión dos Premios María Casares na CRTVG e as demandas que, ao respecto, manifesta a AAAG.

Con motivo dos Premios María Casares 2019 a Asociación de Actrices e Actores de Galiza (AAAG) decidiu prescindir da colaboración da TVG polo que a canle pública de televisión non retransmitirá a gala. Así o expresou publicamente a entidade nun comunicado no que explica as razóns polas que adoptou a decisión.

A AAAG procurou para este ano mellorar as condicións nas que tiña lugar a retransmisión que, en anos anteriores, foi emitida a través da segunda canle e en diferido nun horario pouco alentador para a audiencia. Neste senso, a Asociación solicitou á dirección da CRTVG, no concreto ás persoas responsábeis de Programas, manter unha xuntanza para abordar estas cuestións, algo que non se produciu.

Así mesmo, explican desde a AAAG, “envíouselle por escrito a petición de mellorar diferentes aspectos da retransmisión e solicitouse que a emisión fose pola primeira canle da TVG nun horario razoable. As peticións foron ignoradas e ofreceuse dende a TVG as mesmas condicións dos últimos anos nos que a gala dos María Casares ficaba reducida ao streaming na web e á emisión pola segunda canle en horarios poucos favorables para a audiencia”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Registro: 47743
Data envío: 13/03/2019 19:13:12.202

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que non atendeu a CRTVG a solicitude de xuntanza formulada pola AAAG para abordar as condicións da cobertura e retransmisión da gala dos Premios María Casares de 2019?

- Por que non accedeu a mellorar as devanditas condicións a corporación pública?

- Cre a Dirección Xeral que a CRTVG está a cumprir a súa misión de servizo público e difusión da diversidade cultural de Galiza especialmente en relación ás artes escénicas?

- Vai mudar a súa posición no futuro a CRTVG?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX, CSX, CSX, CSX
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Registro: 47743

Data envío: 13/03/2019 19:13:12.202

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2019 19:12:38

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2019 19:12:44

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2019 19:12:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2019 19:12:47

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2019 19:12:48

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2019 19:12:49

CSX, CSU, IIBMG
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

